

## Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 15 de novembro de 2022 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación.

### **PUNTO ÚNICO: Planificación do proceso de modificación das titulacións de grao e máster para adaptación ao RD 822/2021.**

A Comisión Permanente aproba a proposta da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización de realizar no curso 2023-24 a modificación non substancial dos seguintes títulos para adaptalos ao R.D. 822/2021 e ao regulamento de titulacións da USC:

- Grao en Intelixencia Artificial
- Grao en Enxeñaría Informática
- Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data
- Máster en Visión por Computador

Ademais, aproba solicitar a realización de modificacións substanciais dos títulos de Grao en Enxeñaría Química e do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocessos, no curso 2022/23, polos seguintes motivos:

A memoria do Grao en Enxeñaría Química precisa dunha modificación profunda pola combinación dos seguintes motivos:

1) Axustarse ao indicado no R.D. 822/2021 que no punto 3 do artigo 3 indica: "Todos os títulos universitarios de Grao e Máster Universitario deberán adscribirse a un dos ámbitos de coñecemento relacionados no anexo I, no memento de inscrición no RUCT. Asemade, este ámbito de coñecemento deberá incluírse na memoria do plan de estudos durante o proceso de verificación."

2) O plan de estudios actual foi publicado no DOG o 23/09/2010 polo que despois de 12 anos en vigor cómpre facer unha actualización do título para axustalo ás necesidades actuais de formación dun/dunha graduado/a en enxeñaría química.

3) Axustarse aos novos requisitos da IChemE, institución pola cal está acreditado o título, require da aplicación dunha serie de melloras para acadar a re-acreditación do mesmo en futuras revisión. A vindeira re-acreditación terá lugar durante o curso 2023-24.

4) Responder ás necesidades observadas durante os anos de impartición do título:

- a. O cambio da materia Aula Profesional, Itinerario Prácticas en Empresas (G4021426) de ter carácter optativo a obligatorio.

- b. Reducir o número de ECTS da materia Traballo Fin de Grao (G4021427) dende os 24 actuais ata os 18 segundo o que fan a maioría dos graos.
- c. Converter a materia Seguridade e Prevención de Riscos de optativa a obligatoria con 4,5 ECTS segundo o indicado pola IChemE.
- d. Outros cambios precisos para a actualización e mellora do título e indicados no documento Anexo II “Declaración de intencíons de mofificación do GrEQ”.

A memoria do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocessos precisa dunha modificación relevante pola combinación dos seguintes motivos:

- 1) Axustarse ao indicado no R.D. 822/2021 que no punto 3 do artigo 3 indica: “Todos os títulos universitarios de Grao e Máster Universitario deberán adscribirse a un dos ámbitos de coñecemento relacionados no anexo I, no momento de inscrición no RUCT. Asemade, este ámbito de coñecemento deberá incluírse na memoria do plan de estudos durante o proceso de verificación.”
- 2) O plan de estudios actual foi publicado no DOG o 20/12/2013, polo que despois de todos estes anos en vigor cómpre facer unha reconsideración e unha actualización do título para axustalo ás necesidades actuais de formación. Neste senso, dentro do que serían modificacíons de carácter substancial, aproveitarase para:
  - a. integrar na nova memoria o troco no número de prazas ofertadas;
  - b. revisar a estruturación en módulos, así como as materias que os integran (nome, créditos, contidos...);
  - c. avaliar a conveniencia da modificación parcial da denominación do título (supresión da referencia explícita ós bioprocessos?)
  - d. considerar a incorporación da mención dual.

- 3) Axustarse aos novos requirimentos da Institution of Chemical Engineers (IChemE), institución pola cal está acreditado internacionalmente o título.

Asemade, proponse que os cambios se fagan no curso 2022-2023 polos seguintes motivos:

- 1) Para encaixar estas modificacíons dentro do plan de actuacións previsto en relación a ambos títulos, que son aparte destas:
  - i) a avaliación por parte da IChemE prevista para xaneiro de 2024.
  - ii) a re-acreditación institucional do centro para xaneiro de 2025.

De non facerse deste xeito escalonado implicaría unha sobrecarga de traballo de xestión en algún dos dous anos ou o retraso da modificación ata o 2026.

- 2) Ambos títulos son complementarios polo que sería convinte que se fagan simultáneamente.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.